

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN TECNOLÓXICA “STARTUPS R DICO CHALLENGE” NO MARCO DO PLAN DE IMPULSO AOS CONTIDOS DIXITAIS EN GALICIA (DICO MINDSET)

Santiago de Compostela,

DUNHA PARTE,

D. Román Rodríguez González, Presidente do padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, en virtude das facultades conferidas polo artigo 13 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro, polo que se lle nomea Conselleiro de Cultura e Turismo.

Dona Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, AMTEGA), como axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

AMTEGA e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia poderán ser referidas en diante de maneira conxunta como a Xunta de Galicia.

DOUTRA PARTE,

D. Alfredo Ramos González, e nome e representación de R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.U., con NIF A15474281, con domicilio social na rúa Real 85, 15003 da Coruña, que está inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, Tomo 1522 do arquivo, Sección Xeral, folio 125, folla C-12014.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e



EXPOÑEN

Primeiro.- A Xunta de Galicia aposta pola innovación e o emprendemento como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e da calidade da xestión autonómica e como polo de atracción de actividades económicas de alto valor engadido.

Segundo.- O Goberno galego a través da Axenda Dixital de Galicia 2020, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2015, ten o obxectivo de impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta a desafíos aos que se enfronta Galicia en todas ás áreas de desenvolvemento.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 establece entre os seus obxectivos, promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade, así como impulsar a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.

Para contribuír á consecución dos obxectivos establecidos na Axenda Dixital, a Amtega definiu o Programa ViraxeTIC co fin de apoiar a aceleración do desenvolvemento e competitividade do sector de contidos dixitais como baluarte do crecemento económico e social vinculado á economía dixital.

Neste senso, como unha das liñas de traballo para o impulso de actuacións no marco do Programa ViraxeTIC xurde o “Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia, DiCo Mindset”, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o 1 de marzo de 2018, co dobre obxectivo de: (1) impulsar a modernización e innovación tecnolóxica do sector de contidos dixitais, e por ende, contribuír a afianzar os piares fundamentais nos que se asente unha mellora da competitividade determinando a perspectiva do sector, tendencias e casos de referencia dende a perspectiva da evolución tecnolóxica; e (2) dinamizar a xeración e posta en marcha de proxectos para a transformación dos sectores produtivos de Galicia, aproveitando ao máximo as oportunidades que brindan as novas tendencias tecnolóxicas con base nos contidos dixitais para reforzar a súa competitividade e mellorar o seu posicionamento a nivel nacional e internacional.



Terceiro.- R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.U. (en adiante, R), integrada no grupo de telecomunicacións Euskaltel, é o operador galego de telecomunicacións por fibra óptica que ofrece a fogares e empresas servizos de datos, televisión e telefonía. Nos seus ámbitos de actividade, R está a desenvolver propostas de valor innovadoras coas que solucionar as necesidades de comunicación e de xestión da información dos seus clientes e, máis en xeral, contribuír coas tecnoloxías da información e a comunicación ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Neste contexto, unha das liñas estratéxicas de innovación de R son os denominados contidos dixitais e as solucións tecnolóxicas necesarias para crealos, arquivalos e distribuílos, posto que son estes contidos dixitais o que, en último termo, demandan os usuarios de datos, televisión e telefonía da compañía e o que permite, en potencia, a aparición de novos modelos de xeración de valor.

Cuarto.- Con data 23/07/2013, R asinou o Protocolo de colaboración para a cooperación entre a Xunta de Galicia e o Sector TIC para o desenvolvemento Dixital de Galicia. Devandito Protocolo ten por obxecto establecer un compromiso de cooperación firme entre a Xunta de Galicia e o Sector TIC para converter ao sector da economía do coñecemento nun dos motores da economía de Galicia no período 2013- 2020 e, desta forma, lograr un desenvolvemento dixital en Galicia que contribúa ao crecemento económico e sustentable da rexión e que permita a creación de emprego, o incremento da competitividade das empresas e a súa internacionalización e a mellora da calidade dos servizos.

Para alcanzar o adecuado cumprimento do obxecto mencionado, recóllense unha serie de medidas polas que a Xunta, dentro do seu ámbito de actuación, asume o desenvolvemento de grandes proxectos tractores de innovación tecnolóxica nos sectores produtivos estratéxicos para Galicia e o apoio ao emprendemento.

Quinto.- Que neste contexto, a Xunta de Galicia e R están interesadas en impulsar actuacións que contribúan a fomentar a creación de contidos dixitais orientados a un mercado global e que se atopen caracterizados polo seu efecto arrastre no sector, na innovación, así como no desenvolvemento de novas tecnoloxías no sector dos contidos dixitais.

Sexto- Que no marco do DiCo Mindset, a Amtega ten previsto articular proxectos tractores para a modernización e a innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais en Galicia co fin de avanzar na configuración dun sector de contidos dixitais galego máis potente, maduro e competitivo. Estas accións teñen un carácter de interese xeral porque contribuirán ao potenciamento do desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á xeración de emprego no hipersector TIC, así como á xeración de novas actividades empresariais en Galicia.



Tendo en conta o anterior, a Xunta de Galicia e R manifestan a súa vontade de colaboración.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre a Xunta de Galicia e R para o deseño, desenvolvemento e lanzamento da iniciativa “**startups R**” que establecerá actuación nos seguintes ámbitos:

- Creación e dinamización dun espazo denominado “**startups R**”, con sede en Santiago de Compostela nas dependencias dos edificios xestionados pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- Establecemento e impulso do programa “**startups R DiCo Challenge**” coa finalidade de apoiar proxectos de emprendemento desenvolvidos por emprendedores, pemes de recente creación, empresas consolidadas e outras entidades con propostas de valor relacionadas co ámbito dos contidos dixitais en Galicia.

O presente Convenio encádrase dentro das iniciativas e compromisos adquiridos dentro do Protocolo de colaboración para a cooperación entre a Xunta de Galicia e o Sector TIC para o desenvolvemento Dixital de Galicia.

Segunda. Descrición das actuacións a realizar

A colaboración aquí prevista entre as partes implicará a realización das actividades descritas na presente cláusula.

1. Creación do espazo “startups R”



Ao abeiro do previsto neste convenio, R procederá á creación, posta en marcha e desenvolvemento dun espazo denominado “startups R”, con sede en Santiago de Compostela, cunha extensión aproximada de 45 m2 nas dependencias seleccionadas a tal efecto nos edificios do Centro de Emprendemento Gaiás Cidade da Cultura. Adicionalmente, garantirase o acceso temporal a un salón de actos para a celebración de eventos de carácter público.

A cesión de tal espazo terá lugar mediante a subscripción dun acordo que, a título oneroso, se celebrará entre R e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

2. Desenvolvemento do programa “startups R DiCo Challenge”

As partes impulsarán un programa de incentivación e apoio ao desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e de innovación aberta no ámbito dos contidos dixitais en Galicia. Este programa contribuirá a potenciar a xeración de emprego grazas o ao fomento do emprendemento e o tecido empresarial de Galicia con empresas sostibles no tempo. Así mesmo, contribuirá a impulsar a innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais e a configurar un sector de contidos dixitais galego máis potente, maduro e competitivo. O obxectivo deste programa, en suma, será o de captar proxectos innovadores do eido dos contidos dixitais (en adiante, os “Proxectos”) e desenvolveselos con eficacia e axilidade para que xeren un produto mínimo viable co que efectuar unha primeira venda a cliente.

En liña co DiCo Mindset, o programa partirá dunha concepción ampla do sector dos contidos dixitais, na que se inclúen non só os contidos dixitais en canto tal, senón tamén as tecnoloxías, talento, canles e modelos de negocio necesarios para a súa produción, arquivo e distribución; é dicir, o conxunto da súa cadea de valor.

Ao longo da vixencia do presente Convenio levaranse a cabo un mínimo dunha convocatoria, que se axustarán aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência e competitividade.

O desenvolvemento de cada unha da convocatoria articularase a través das seguintes fases:

- i. Con carácter previo á convocatoria, R e a Xunta de Galicia seleccionarán, a través da comisión de seguimento prevista na cláusula sexta do presente convenio, ata 5 retos relacionados co eido dos



contidos dixitais, baseados en necesidades reais do sector, para a resolución por parte dos solicitantes. Polo menos un dos retos debe estar enfocado á resolución por parte de emprendedores e startups, mentres que os outros 4 retos poderán estar abertos tamén a pemes, empresas consolidadas e outras entidades.

Estes retos xurdirán das necesidades de innovación global do sector dos contidos dixitais. O propósito destes retos será, por tanto, o de captar solucións innovadoras, viables, investibles e escalables, que resulten de proveito para o ecosistema dos contidos dixitais en Galicia e para a sociedade galega en xeral. En ningún caso se poderá aceptar unha proposta que sexa unha mera adaptación dunha solución comercial existente.

Ao longo do desenvolvemento do programa poderase contar con entidades colaboradoras a efectos de asesoramento, principalmente con relación á definición e desenvolvemento dos retos do programa, ás vías de financiamento dos proxectos, etc.

- ii. Previa aprobación da comisión de seguimento, R lanzará a correspondente convocatoria, para que o ecosistema nacional e internacional de emprendedores, empresas...poidan presentar as súas propostas.

A convocatoria axustaranse aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência e competitividade e recollerán os criterios básicos de participación e selección de proxectos que se recollen no Anexo I a este Convenio.

A convocatoria será publicada na páxina web e redes sociais de R e da Amtega, especificando a data límite de presentación dos proxectos.

- iii. Previa conformidade coas bases da mesma, un **comité técnico de avaliación** avaliará os Proxectos presentados que cumpran os criterios mínimos de elixibilidade, os cales incluírán, cando menos, o compromiso do proxecto candidato de constituírse como entidade con personalidade xurídica propia e domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Comité Técnico de avaliación terá as seguintes atribucións:

- Selección das empresas participantes na fase de preaceleración
- Selección das empresas participantes na fase de aceleración



O Comité Técnico estará formado por:

- 2 representantes a designar pola AMTEGA
- 2 representantes a designar por R

En caso de empate na votación do Comité, terá voto de calidade un representante de R.

O comité poderá acordar solicitar asesoramento a expertos e outros organismos colaboradores.

iv. Resultado desta avaliación seleccionaranse os Proxectos que se consideren máis capacitados para afrontar os retos lanzados na convocatoria e satisfacer os obxectivos globais do programa, do xeito seguinte:

- Para a primeira fase, denominada “de preaceleración”, que servirá como primeira toma de contacto co programa, elixiranse ata 20 Proxectos do total de candidaturas elixibles. En atención á calidade, viabilidade e potencial das propostas presentadas, o comité de avaliación poderá declarar deserta a convocatoria.
- Para a segunda fase, denominada “de aceleración”, que servirá para o desenvolvemento rápido de solucións innovadoras, viables, invertibles e escalables, elixiranse ata 5 Proxectos de entre os 20 que teñan participado na fase previa.

v. Os Proxectos seleccionados poderán acceder aos seguintes beneficios:

A. Formación. Durante a fase de preaceleración, que terá unha duración de aproximadamente 2 meses, os Proxectos recibirán formación sobre as seguintes temáticas: introdución ao deseño dun plan de negocio de tipo Lean Business Plan, preparación dun modelo de saída ao mercado e realización dunha presentación de proxecto de tipo Elevator Pitch. Durante a fase de aceleración, que terá unha duración de aproximadamente 4 meses, os Proxectos recibirán formación sobre as seguintes temáticas: deseño en detalle dun Lean Business Plan, metodoloxías de xestión de proxectos e temáticas específicas que se elixirán dependendo das necesidades de cada Proxecto. A formación combinará sesións presenciais e formación on-line. As sesións presenciais, así como calquera outra actividade conxunta, levaranse a cabo no espazo “**startups R**” na Cidade da Cultura de Galicia.



B. Mentorización. A cada Proxecto lle será asignado un mentor que, co apoio dun titor técnico, lle proporcionará asesoría experta e especializada no ámbito dos contidos dixitais en temas de negocio, comunicación, vendas e accesibilidade, a obxecto de que o proxecto consiga desenvolverse axeitadamente e cumprir os seus obxectivos e os da convocatoria na que participe.

C. Apoio a proxectos na fase de aceleración: A Xunta de Galicia, a través da Amtega, outorgará a cada un dos proxectos que teñan superado satisfactoriamente a fase de aceleración (segundo informe dos organizadores da edición), unha subvención por un importe máximo de 4.000 €, para cubrir os custes de desprazamento e dietas do proxecto, así como outros gastos derivados da fase de aceleración. Previa solicitude, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento. O prazo para presentar a solicitude do anticipo rematará dentro do mes posterior á selección dos proxectos que formarán parte da fase de aceleración. En todo caso, o outorgamento e pago da subvención estará condicionado ao cumprimento polo eventual beneficiario dos requisitos e condicións esixidas pola normativa en materia de subvencións.

D. Financiamento para o desenvolvemento de proxectos emprendedores. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, e R comprométense, previa solicitude dos proxectos seleccionados a través do programa startups R Dico Challenge, a axudar a procurar financiamento propio ou de terceiras entidades colaboradoras para o desenvolvemento dos proxectos axeitadamente durante a fase de aceleración e dar lugar a un produto mínimo viable. As condicións para a solicitude e o acceso a este financiamento serán publicadas a través do programa.

E. Instalacións. Os proxectos terán dereito a utilizar as instalacións do espazo “startups R” na Cidade da Cultura de Galicia durante o curso do programa.

As partes poderán buscar a colaboración de terceiras entidades para impulsar o programa “startups R DiCo Challenge” así como para atopar máis apoios e axudas para os Proxectos. Dacordo ao anterior, as partes poderán subcontratar con terceiros total ou parcialmente a execución das obrigas asumidas en virtude do presente acordo.

As características, termos e condicións, e aspectos legais do programa “startups R DiCo Challenge”, incluíndo os requirimentos de elixibilidade, os criterios de avaliación e os plans de formación, mentorización e apoio, fixaranse nas bases da convocatoria, que se publicarán, a proposta da Comisión de seguimento, ao inicio de cada convocatoria.



Terceira. Obrigas a cargo da Xunta de Galicia

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente Convenio, a Xunta de Galicia comprométese a:

1. En relación coa constitución e desenvolvemento do espazo “startups R”:

- A través da Fundación Cidade da Cultura de Galicia:
 - Promover a posta a disposición do mencionado espazo “**startups R**”, consistente en instalacións, espazos físicos e mantemento, a través do correspondente acordo de cesión de uso a título oneroso, de acordo co recollido na cláusula 2.1 do presente Convenio.
- A través da Amtega:
 - Facilitar a R apoio á comunicación e difusión do programa “**startups R DiCo Challenge**”, a súa actividade en Galicia e a súa importancia, como instrumento de vertebración da cultura emprendedora galega.
 - Apoiar a R na elaboración e execución dun plan de actividades co que dinamizar o espazo “**startups R**”.

2. En relación ao desenvolvemento do programa “startups R DiCo Challenge”, a través da Amtega:

- Dirixir e coordinar a participación dos distintos entes e organismos públicos no programa.
- Poñer a disposición o Centro Demostrador TIC para a presentación e divulgación dos proxectos seleccionados.
- Achegar os recursos financeiros para o desenvolvemento das actividades recollidas no punto C da cláusula 2.2 do presente convenio, nos termos que se recollen na cláusula 5 do mesmo.
- Facilitar a R apoio na comunicación e difusión da convocatoria a través da súa páxina web.

Nas actividades de comunicación e difusión do programa que se desenvolvan segundo o estipulado no presente Convenio, a Xunta de Galicia poderá utilizar o logo, nome, marcas de R unicamente para o uso que lle fora autorizado ao amparo deste Convenio e conforme ás instrucións facilitadas por R en cada momento.



Cuarta. Obrigas a cargo de R CABLE

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente Convenio R comprométese a:

1.- En relación coa constitución e desenvolvemento dun espazo “startups R” :

- a) Desenvolver o programa “**startups R DiCo Challenge**” para a incubación das iniciativas emprendedoras resultado do mesmo no espazo “**startups R**”. Isto contribuirá ao éxito no proceso de emprendemento en Galicia, aliñado cos obxectivos, estratexias e actuacións derivadas do Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia, DiCo Mindset.
- b) Realizar un plan de actividades abertas en colaboración coa Xunta de Galicia co que dinamizar o espazo “**startups R**” alén das actividades de incubación propias do programa **startups R DiCo Challenge**, que podan ser sinérxicas con este e que, ao tempo, favorezan o desenvolvemento, enriquecemento e consolidación do ecosistema empresarial dos contidos dixitais en Galicia e a participación nel das persoas, organizacións e institucións interesadas.
- c) Identificar e achegar os recursos necesarios para a sustentabilidade do centro “**startups R**”, consistentes cando menos en:
 - a. Recursos para sufragar a ocupación de espazos a título oneroso de aproximadamente 45 m2.
 - b. Adecuacións necesarias para garantir a correcta actividade do centro e outras necesidades dotacionais.
 - c. Achega de persoal necesario para a xestión do centro.

2.- En relación ao desenvolvemento do programa startups R Dico Challenge

- a) Realizar a convocatoria e selección de proxectos candidatos a incorporarse ao Programa de incentivación e apoio ao desenvolvemento de iniciativas emprendedoras en Galicia, que deberá de contar coa aprobación da comisión de seguimento prevista neste Convenio.
- b) Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Xunta de Galicia, en todo o material de execución das actividades do Convenio.
- c) Facer constar expresamente o financiamento da Xunta de Galicia en todas as actuacións realizadas ao amparo do presente Convenio.



- d) Desenvolver unha campaña de difusión da convocatoria.
- e) Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións que lle corresponden neste Convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- f) Comunicar o emprendemento tecnolóxico xerado, que permita apalancar o concepto de aceleradora de proxectos, fortalecendo a imaxe do emprendedor e do propio sistema rexional de emprendedores galego.

3.- En relación a todas as actuacións, R deberá cumprir as seguintes obrigacións:

- a) Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- b) Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente o REGULAMENTO (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos) e a normativa asociada. Así mesmo, asegurará a confidencialidade dos datos achegados pola Xunta de Galicia e a confidencialidade, neutralidade e calidade dos profesionais asociados.
- c) Achegar os informes que require a actividade da comisión de seguimento, así como os informes e demais documentos que puntualmente puidesen ser requiridos pola Xunta de Galicia.
- d) Responder de todas as obrigas tributarias, sociais e de calquera outra índole que se deriven do ordenamento xurídico vixente, en relación ás actuacións ao seu cargo recollidas no presente Convenio.

R poderá cumprir as súas obrigas directamente ou a través de terceira entidades.

O custo total para R para o cumprimento dos compromisos asumidos en todo o período de vixencia do presente Convenio, valórase polas Partes en 100.000 €.

Quinta.- Financiamento

Para o financiamento do *apoio a proxectos na fase de aceleración*, a Xunta de Galicia, a través da Amtega, financiará esta actuación ata o importe máximo de 20.000 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano **2019**:



	APLICACIÓN	2019
Amtega	04.A1.571A.770.0	20.000 €

Este expediente tramítase como anticipado de gasto ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 e queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia que se aproben para o ano 2019.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por representantes da Xunta de Galicia e representantes de **R**, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, así como órgano de resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan presentarse respecto da execución do Convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento e reunirse en todas as ocasións que se estimen oportunas. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Por parte da Xunta de Galicia:
 - Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, a directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, ou persoa en que delegue. .
 - Pola Amtega, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Por parte de **R**:
 - . Tres representantes designados por **R**.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que terá voto de calidade.

Corresponderá a Secretaría da comisión á persoa que designe **R** en cada convocatoria.

Das reunións da Comisión, levantarase acta elaborada ao efecto, na que se reflectan de maneira escrita e detallada os acordos adoptados.



Sétima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata 31 de decembro de 2019, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos) que poidan acordarse nas que necesariamente figurará o financiamento correspondente.

Oitava.- Resolución

O presente Convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular, resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Así mesmo, poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes, previa comunicación á outra parte cun mes de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- Por imposibilidade de cumprimento do obxectivo perseguido.
- Incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas.
- Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o obxecto do presente Convenio.
- Imposibilidade material de executar o obxecto do Convenio por circunstancias excepcionais, que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.
- Por vontade unilateral dunha das partes, manifestada á outra con 3 meses de antelación.

A terminación da vixencia deste Convenio non obstará o cumprimento das obrigas das partes, pendentes á data da resolución.



Novena – Publicidade

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia.

Décima.- Non exclusividade

As partes recoñecen expresamente o carácter non exclusivo do presente Convenio e, en consecuencia recoñecen que cada unha delas poderá subscribir con terceiros acordos similares a este.

Décima primeira.- Inexistencia de relación laboral e non representación

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de R que realicen as actividades obxecto deste Convenio e a Xunta. As partes manifestan expresamente que o presente Convenio non xera vínculo algún de representación, dependencia ou subordinación entre elas, polo que ningunha poderá representar á outra no cumprimento de obrigacións legais ou contractuais, nin na asunción de responsabilidades ou compromisos.

Décima segunda.- Confidencialidade e Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes contribuirán á realización do obxecto deste Convenio segundo as seguintes normas de colaboración:

- a. As partes comprométense a non difundir, por ningún medio, ningún aspecto das investigacións, estudos, análises, as súas conclusións e os programas de implementación dos proxectos ou liñas de actuación que deriven do presente Convenio mentres tal información non sexa de dominio público ou fose rexistrada e, en todo caso, sen o coñecemento e conformidade da outra parte.



b. As partes coordinarán as súas accións de comunicación (en concreto as declaracións públicas en medios de comunicación, notas de prensa, comunicacións, ou a publicación dos resultados de proxectos ou liñas de actuación) no que se refire ao obxecto do presente Convenio.

Ambas as partes cédense mutuamente a información coa condición de facer un uso responsable, de acordo ás súas respectivas finalidades e ás que se expresan neste Convenio. Por todo iso conveñen en que:

a) Con anterioridade á revelación da Información Confidencial, as partes acordarán revelar e recibir dita información de modo confidencial. A Información Confidencial marcarase como tal no momento da súa revelación; no caso de que se revelase oralmente, designarase como confidencial, por escrito, pola parte reveladora dentro do prazo de 30 días desde a data da súa revelación. Esta obriga de confidencialidade non será executable cando ambas as partes acorden algo en contrario por escrito ou cando a revelación da devandita información sexa requirida por lei.

b) A Información Confidencial poderá ser usada pola parte receptora exclusivamente en relación coa execución das súas obrigas ao amparo do presente Convenio.

c) A parte que reciba a Información Confidencial utilizará o mesmo nivel de coidado para evitar a súa publicación, diseminación ou uso non autorizado, pero en ningún caso menos dun nivel de coidado razoable, que o utilizado na protección da súa propia información confidencial.

As obrigas recollidas na presente cláusula non serán de aplicación a aquela información que:

- Fose de dominio público con anterioridade ao momento de celebración do presente Convenio ou que pase a selo con posterioridade ao mesmo.
- Teña sido obxecto de autorización, previa e expresa, por escrito entre as partes
- Sexa revelada pola parte propietaria da información a un terceiro sen impoñer a este un deber de confidencialidade.
- Sexa revelada por imperativo legal.

As obrigas de confidencialidade contidas nesta cláusula estenderanse durante a vixencia do Convenio e os dous (2) anos seguintes á súa terminación por calquera causa.

As partes aceptan expresamente que para a prestación dos servizos obxecto do presente convenio será necesario o tratamento de datos persoais das persoas físicas representantes das entidades participantes, datos



identificativos, e que este se fará dende a relación de corresponsables do Tratamento, como se establece no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos (RXPd).

Respecto ao tratamento dos datos persoais ambas partes se comprometen a facelo seguindo todas as obrigas recollidas no dito Regulamento así como en toda a lexislación relativa a protección de datos en vigor.

Sendo responsabilidade de R a obtención dos datos obxecto do tratamento, a información aos interesados e a execución dos dereitos de estes. Pola súa banda, AMTEGA comprométese a tratar estes datos unicamente dentro das finalidades lexítimas que R informe e a comunicar sen dilacións calquera exercicio de dereitos que os interesados poidan exercer perante a AMTEGA directamente.

As partes comprométese a non compartir os datos con ningún terceiro sen contar co consentimento por escrito da outra. Non obstante, cando segundo o disposto na cláusula seguinte se cedan as obrigas asumidas neste convenio ou se conte con colaboradores no desenvolvemento das actuacións comprendidas no mesmo, a comunicación da información necesaria para a execución do mesmo non suporá unha vulneración da obriga de confidencialidade.

As partes informan que tratarán os datos persoais das persoas asinantes de este Acordo, así como de outras persoas de contacto dentro da xestión do mesmo, sobre a base do seu interese lexítimo e coa única finalidade de garantir o mantemento da citada relación e polo período que dure esta, podendo conservarse posteriormente bloqueados durante os prazos que deriven da prescrición das accións legais relacionadas con este tratamento. Os interesados poderán exercer os seus dereitos en calquera momento dirixíndose á dirección de contacto para o Acordo da outra parte. Ademais tamén poderá dirixirse os Delegados de Protección de Datos da outra parte en, por R dpggrupoeuskaltel@euskaltel.com e por AMTEGA lopd.amtega@xunta.gal, ou á autoridade competente para reclamar os seus dereitos.

R informa que os datos dos asinantes e demais persoas de contacto serán cedidos ás sociedades do grupo (Euskaltel S.A., Telecable de Asturias S.A.U. e a Fundación Euskaltel) sobre a base do interese lexítimo con fins administrativos, xestión centralizada de convenios. Aos efectos do establecido no artigo 13 do RXPd, infórmase de que toda a información contida nesta cláusula se debe entender facilitada polas catro entidades que integran o Grupo Euskaltel. Tamén se informa de que os prestadores de servizos de R nos sectores de sistemas e tecnoloxía, así como de xestión administrativa poderán acceder aos datos dos representantes da AMTEGA, no marco da prestación de servizos que realizan para R.



Décima terceira.- Cesión

Os dereitos e obrigas asumidas por cada unha das partes baixo este Convenio non poderán ser cedidos a terceiras partes sen o consentimento previo e por escrito da outra parte. A estes efectos enténdese por terceiras persoas aquelas que non están vinculadas organicamente ás Partes ou formen parte do grupo de empresas.

Non obstante, cando para a mellor consecución dos obxectivos do Convenio, e previo consentimento das partes, sexa necesario contar con outras entidades poderase ceder as obrigas asumidas así como contar con colaboradores no desenvolvemento das actuacións comprendidas no Convenio segundo o disposto na cláusula segunda, no seu punto 2.

Décima cuarta.- Desenvolvemento e modificación

O presente Convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima quinta.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

Mediante a firma do presente Convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

O presente Convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, aínda que se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

O presente Convenio rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do Dereito Administrativo.



As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento no lugar e data arriba indicados.

**Pola Fundación Cidade da Cultura de
Galicia**

O Presidente do padroado da Fundación
Cidade da Cultura de Galicia

Román Rodríguez González

**Por R cable y Telecomunicaciones Galicia
S.A.U.**

O director xeral

Alfredo Ramos González

**Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia**

A directora

Mar Pereira Álvarez



ANEXO I - CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES, NO MARCO DO PROGRAMA STARTUPS R DICO CHALLENGE”:

A) Criterios de participación:

Poderán participar nas convocatorias mencionadas na cláusula segunda do presente Convenio aquelas persoas físicas, ou xurídicas que cumpran, como mínimo, os seguintes requisitos:

- No caso das persoas físicas, ser maior de idade.
- Desenvolver o proxecto empresarial na comunidade autónoma de Galicia como lugar de referencia.

No relativo á definición de actividade emprendedora estarase ao establecido no artigo 5 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

B) Normas xerais:

- Non hai límite en canto ao número de solicitudes por solicitante, pódense presentar cantas ideas de proxecto se estime oportuno, sempre de forma separada.
- Todos aqueles emprendedores ou empresas presentan as súas propostas baixo a súa única e exclusiva responsabilidade, garantindo que o contido das mesmas non infrinxe ningún tipo de dereitos, en particular os de propiedade intelectual de terceiros.
- Os solicitantes serán responsables de que os datos proporcionados sexan correctos, veraces e completos. Os responsables do programa poderán denegar o acceso á convocatoria se os devanditos datos resultan ser falsos ou inexactos.
- Os proxectos que entren a formar parte do Programa, non poderán presentarse a outros programas de similares características, durante a súa aceleración, sen previa comunicación aos responsables do programa.

C) Proceso de selección:

Para os retos mencionados na cláusula segunda do presente Convenio, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, comezará o proceso de selección de participantes.

O proceso de selección constará de dúas fases:

1ª Fase (Fase de preaceleración)



- Valoraranse todas as solicitudes presentadas en base á documentación presentada a través do formulario web ou canle/s que se habilite/n para tal efecto.
- Nesta primeira fase seleccionaranse ata 20 proxectos do total de candidaturas elixibles para participar nunha formación de aproximadamente 2 meses.

2ª Fase (Fase de aceleración)

Nesta 2ª fase, ao finalizar a fase de preaceleración elixiranse ata 5 proxectos de entre os que teñan participado na fase previa.

En cada unha das fases do proceso, á vista da información presentada, valoraranse as solicitudes en función dos criterios expostos a continuación:

- a) Innovación e concreción da proposta e modelo de negocio proposto
- b) Potencial de mercado dos proxectos
- c) Escalabilidade
- d) Equipo presentado e dedicación ao proxecto
- e) Grao de adecuación ao reto presentado
- f) Evolución/aproveitamento durante a fase de aceleración

